

Gasto dos non residentes en Galicia. Primeiro trimestre de 2009

NOTA DE PRENSA

No primeiro trimestre de 2009 os viaxeiros non residentes que se aloxaron en establecementos hoteleiros galegos gastaron de media 115,8 euros por persoa e día

Segundo os datos da operación estatística "Gasto dos non residentes en Galicia", elaborada polo Instituto Galego de Estatística, os viaxeiros non residentes en Galicia que no primeiro trimestre de 2009 se aloxaron nalgún establecemento hoteleiro de Galicia gastaron de media 115,8 euros por persoa e día na nosa comunidade, cun gasto total de 72,9 millóns de euros, o que supón arredor do 0,5% do Produto Interior Bruto trimestral a prezos correntes de Galicia. As maiores partidas de gasto destináronse ao aloxamento (38,4% do total de gasto) e a restaurantes (32,6%).

Gasto dos non residentes segundo o concepto de gasto. Galicia. Primeiro trimestre de 2009

Concepto	Gasto total (miles de euros)	Distribución porcentual do gasto (%)
Total	72.855	100%
Aloxamento	27.989	38,4%
Restaurantes	23.768	32,6%
Desprazamentos	7.584	10,4%
Agasallos	5.557	7,6%
Ocio	3.663	5,0%
Outros	1.762	2,4%
Paquete turístico	1.342	1,8%
Comida comercios	1.189	1,6%

Fonte: IGE. Gasto dos non residentes en Galicia

Nota: Datos provisionais

Datos por provincia

Os viaxeiros non residentes aloxados en establecementos hoteleiros da provincia da Coruña gastaron 35,8 millóns de euros, o que supón o 49,1% do gasto total dos non residentes. A continuación atópanse os viaxeiros aloxados en Pontevedra que contribuíron co 34,7% do total do gasto.

No tocante ao gasto diario medio por viaxeiro, o máis alto deuse na provincia de Pontevedra (118,5 euros) e o máis baixo en Lugo (109,1 euros).

Gasto dos non residentes segundo a provincia do establecemento. Primeiro trimestre de 2009

Provincia do establecemento	Gasto total		Gasto diario medio por persoa (euros)
	Miles de euros	Distribución porcentual (%)	
Galicia	72.855	100,0	115,8
A Coruña	35.756	49,1	115,7
Lugo	7.060	9,7	109,1
Ourense	4.738	6,5	113,7
Pontevedra	25.302	34,7	118,5

Fonte: IGE. Gasto dos non residentes en Galicia

Nota: Datos provisionais

Datos por categoría

O 41,1% do gasto total dos non residentes en Galicia procede de viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros de 4 estrelas. Os establecementos de 1 e 2 estrelas supoñen o 27,5%, os de 3 estrelas o 22,2% e o 9,2% restante corresponde a viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros de 5 estrelas.

En canto ao gasto diario medio por persoa o máis elevado correspondeu aos establecementos hoteleiros de 5 estrelas (193,6 euros), mentres que nos establecementos de menor categoría (1 e 2 estrelas) este gasto foi de 89,3 euros.

Gasto dos non residentes segundo a categoría do establecemento. Galicia. Primeiro trimestre de 2009

Categoría do establecemento	Gasto total		Gasto diario medio por persoa (euros)
	Miles de euros	Distribución porcentual (%)	
Total	72.855	100,0	115,8
1 e 2 estrelas	20.063	27,5	89,3
3 estrelas	16.147	22,2	112,5
4 estrelas	29.978	41,1	132,4
5 estrelas	6.667	9,2	193,6

Fonte: IGE. Gasto dos non residentes en Galicia

Nota: Datos provisionais

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_turismo_gasto_non_residentes_gl.pdf

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
 Complexo Administrativo San Lázaro s/n
 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
 Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
 Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
 FAX: 981.54.13.23
 Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>